

De novo sobre o Mosaico de Panxón e outras novas sobre a Musivaria na Gallaecia

Fernando ACUÑA CASTROVIEJO
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumo

A partir dunha revisión de manuscritos do século XIX, analízanse as novidades sobre o mosaico de Panxón e estúdiáanse as principais características da temática mariña existentes na musivaria galaica e as súas relacións con outras áreas peninsulares. Ao tempo actualízanse, en gran medida, as estacións con mosaicos atopadas nos tres conventos xurídicos que constitúen a *Gallaecia* e conclúese cunhas consideracións de carácter global.

Palabras Chave: *Gallaecia*, mosaicos romanos, Panxón, temática mariña

Abstract

Starting with a review of 19th-century documents, we go on to study new aspects of the Panxón mosaic and take an overview of the main features of maritime interest in Galician mosaics and its relationship to that of other peninsular regions. We also, to a large extent, bring up-to-date the deposit with mosaics discovered in the three *conventus* which constitute *Gallaecia*, and conclude with general reflections.

Key-words: *Gallaecia*, romains mosaics, Panxón

INTRODUCCIÓN

A comenzos dos anos setenta do século pasado, con motivo das nosas investigacións sobre as artes plásticas na Galicia romana, tivemos ocasión de estudar os mosaicos dos que da inmensa maioría so se tiñan referencias e, agás excepcións, permanecían inéditos. Todo ese labor orixinóu as primeiras publicacións sobre o tema, sendo Galiza a primeira área peninsular que contou cunha edición exhaustiva e científica dos seus mosaicos¹, nos que se incluía a parte norde de Portugal correspondente ao convento bracarense. Precisamente, á zona portuguesa sempre se lle prestara unha maior atención

¹ BALIL en ACUÑA 1973, p. 10

gracias ás obras de conxunto de Serpa Pinto, Chaves e Russell Cortez².

Naquela altura, analizamos o mosaico de Panxón a través da autopsia do mesmo e das poucas referencias que existían sobre el. Na actualidade, contamos con novos datos tanto sobre o paradiro actual, como sobre as circunstancias do achado, polo que nestas líneas consideramos oportuno voltar sobre este pavimento, para analizar mais demoradamente o seu contido e aproveitar a ocasión, para dar conta dos novos mosaicos atopados nos anos transcorridos dende a publicación do *Corpus* ata hoxe en todo o territorio dos conventos galaicos para ter, dentro da medida das nosas posibilidades, un inventario mais actual da produción musivaria e facer unhas consideracións sobre a temática mariña e outros temas.

Con moita posterioridade, a partir da década dos anos 90, aparecen os primeiros catálogos ou estudos de conxunto sobre o convento Astur coa publicación do volumen pertencente a León e Asturias do *Corpus de Mosaicos de España*, e o correspondente aos fragmentos conservados no Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid, dos que pertencen ao noso territorio os de La Milla del Río, Quintana del Marco e Villaquejida, xunto con un estudio sobre os de Astorga, así como algún artigo sobre xacementos de Zamora³.

Nos últimos anos, gracias ás escavacións urbanas levadas a cabo en Lugo, León, Astorga, Braga e Porto, entre outras cidades, así como noutros xacementos rurais da *Gallaecia*, como Camarzana, Veranes, Bares, Toralla, O Freixo e Sendim aumentou tanto o número de pavimentos como a temática representada neles, que na maioría dos casos viñan sendo de motivos xeométricos e florais, aínda que agora aumentaron moitísimo as representacións mitolóxicas de gran interese, e outras con esceas da vida cotián, sobre todo nas actuais provincias de León e de Zamora⁴.

Xurden novas publicacións e, neste sentido, destacan os traballos sobre os novos achados levados a cabo en Galicia por Acuña / Alles e Torres, así como a completa revisión feita por Alles sobre o conxunto musivario do convento lucense, agás *Lucus Augusti*, no que de forma moi detallada analiza as técnicas, os esquemas compositivos, a funcionalidade e a distribución, entre outros aspectos e, finalmente novas recentes sobre Asturias e Zamora debidos á autoría, de Fernández / Gil e Regueras.

Para Portugal, tense publicado non hai moito por Oliveira un balance dunha década de investigación, así como un estudo sobre os motivos vexetais por Correia dos que so nos interesan agora, os referidos a Lavra e Vizela. Mais recentemente, Abraços publica parte dos mosaicos de *Bracara Augusta*, aínda que neste artigo hai que facer notar que a autora parece ignorar as publicacións feitas trala descuberta dos mosaicos do Seminario de Santiago, así como excédese ao pensar que a maioría dos mosaicos do convento bracarense están na área da cidade de Braga e, finalmente, unha visión actualizada dos mosaicos do Porto por Gomes, xunto cos de Lavra, Matosinhos por Brito e Coelho, sen esquecer unha ampla revisión do paleocristiano de Frende⁵.

² ACUÑA, 1972, 1973 e 1974 (coa bibliografía anterior); tamén BALIL 1974

³ BLÁZQUEZ et allí, 1993; BLÁZQUEZ et allii, 1989; REGUERAS 2002; REGUERAS 1991

⁴ ACUÑA, ALLES 2001-2002; ALLES 2002-2003; TORRES 2005; FERNÁNDEZ, GIL 2008; REGUERAS 2010

⁵ OLIVEIRA 2006; CORREIA 2005; ABRAÇOS 2011; GOMES 2011; MOREIRA, SILVA 2011; ARAUJO 2010

Ao tempo, hai estudos específicos como os de San Nicolás para o magnífico pavimento coa representación mitolóxica de Dafne e Pasefae e o de González para as novas descubertas relacionadas co mosaico xa coñecido de Batitales, en ambos os dous casos na cidade de Lugo, ou tamén o de Regueras para o de Hilas e as Ninfas de León .⁶

Novas sobre o achado de Panxón e o seu paradeiro actual

A mediados dos anos setenta, D. Xosé María Álvarez Blázquez⁷ entregounos uns papeis manuscritos, escritos no século XIX, nos que se daban conta de diversos achados numismáticos na zona de Baiona⁸ e outros, con varias versións, nos que se describía o mosaico de Panxón e as circunstancias da súa descuberta e da súa conservación. Cando estudiamos o mosaico, aínda non éramos coñecedores desto, polo que coído de interese transcribir o fundamental para poder comparar o que nos publicamos coa nova información, o que nos permitirá precisar algúns aspectos.

En primeiro lugar, vexamos un resumo da descrición publicada (Fig. 1):

... Cuadrado de 84 x 84 cms., de teselas blanco-marfil, negro-grisáceas, amarillas y naranjas ... La composición consiste en un gran pez de 77 cms. ... con teselas de brillante colorido que van desde el gris-negrusco del lomo hasta las blancas de la panza, pasando por los negros, amarillos y blanco marfil ... El ojo está indicado por un gran punto negro central sobre el que se desarrolla un círculo concéntrico y ... el cuerpo de la pieza. El contorno del pez aparece claramente delimitado del fondo marino dando la impresión ... de destacarse con un sombreado del agua, A su izquierda ... una pareja de almejas ... Intermitentemente ... una serie de trazos rectos escalonados ... que son los que figuran el ambiente acuático. A su lado ... segmentos paralelos ... que rematan perpendicularmente en un doble apéndice y que son los que sirven para indicar el movimiento de las aguas. Completa el conjunto un filete negro que soporta ... un típico dentado⁹.

A continuación, a transcripción do documento:

D^a Umbelina González Lavandeira viuda del Sr. de Puga tiene un mosaico en su casa de Campo de la parroquia de S. Juan de Panjon encontrado por los ante pasados del dcho. Sr. de Puga practicando unas excavaciones en el sitio llamado el "Castro" en punto bastante elevado de la referida parroquia y conservadose por sus habitantes la constante tradición de que en la antigüedad ha existido una ciudad y al mismo tiempo el que no muy distante de aquel punto un labrador abriendo un pozo encontró á cierta profundidad una cocina en muy buen estado y como también sea tradicional que la mencionada población ha sufrido un hundimiento desde el q. desapareció. Tradiciones todas en las que no dejo de creer, sino en todo, en parte haya mucho de verdad, porque la aparición de belleza tan antigua no había de ser transportada de lejano punto al lugar de su hallazgo. Con este son dos los restos de preciosidades mosaicas encontradas en Galicia; pues en 1^o de Setiembre de 1842 se encontró otro en la ciudad de Lugo al hacer el acantarillado para la Rúa de Batitales, y el q. se

⁶ SAN NICOLÁS 2001; GONZÁLEZ 2005; REGUERAS et allí 1994

⁷ Sobre esta importante e polifacética figura, a quen no ano 2008 se lle adicou por parte da Real Academia Galega o "Día das Letras Galegas", pode verse GARCÍA / ACUÑA 2008 no que se analiza o seu importante papel como arqueólogo.

⁸ En concreto, hai referencias a moedas romanas de Claudio, Galieno, Marco Aurelio e Lucio Vero, así como modernas de Pedro I e os Reis Católicos.

⁹ ACUÑA 1974, p. 36

conserva para esponerlo á la vista de los forasteros. ¡Cuantas riquezas como estas no esconderá en su suelo el famoso y antiguo reino gallego! El que nos ocupa está sirviendo de cubierta de una mesa con el objeto de que no se estropease porque según me dijeron era mayor y como estuviere tirado lo iban destrozando, y para evitar su total desaparición han hecho aquella dándole la forma de cajón embutiendo en ella el mosaico siendo este de un metro cuadrado y 20 centímetros de espesor su fondo es de mármoles blancos en cuadro incrustados en una argamasa especial. Contiene un precioso Mugil de 67 cent. de largo por 20 de ancho en su parte mas gruesa del cuerpo: está hecho con tal perfeccion q. no parece sino que está surcando las aguas, el ojo de dcho. Pez está formado de mármoles de colores y bastante pequeños en las alas, cola y hozico hay gran regularidad y acabamiento tiene además dos caprichos y por último una almeja abierta vista por la parte exterior representando con perfectos y variados colores la concha del inocente animalito q. habita en las riveras de aquella parroquia. El conjunto de obra de tanta paciencia y costo indica pertenecer á un ángulo del edificio q. lo contenia por formar parte de un cuadro cerrándolo una faja de color negro (o negra.) Tambien me han dicho que le habían roto unos castillos y muñecos q. contenía. Todo esto me hace inclinar á creer correspondiese a un templo erijido á uno de los muchos dioses q. adoraban ó basilica destinada á las curias ó tribunales ya de los fenicios ya ó de los romanos, porque unos y otros en sus templos y basílicas representaban las producciones de cada país por q. hacían respetar la propiedad de la pesca así como de la caza de modo q. siendo así el Mugil indica q. la producción mas abundante en el rio de la Ramallosa es la de este pez y no se equivoca en razón a que hay muchos y buenos; la Almeja la de los mariscos; el castillo talvez sea el de Balcagia y en aquellos tiempos capaz de auventar al enemigo mas pertinaz y el muñeco el traje ó costumbres de los indijenas de entonces. Lo cierto es q. este trabajo indica adelanto y perfeccion en las artes mucha paciencia, lujo y riqueza ¹⁰.

Do arriba transcrito, hai algúns aspectos que compre salientar. En primeiro lugar o lugar exacto do achado, xa que se cita un sitio chamado “castro”, na fregresía de San Xoán de Panxón. Na zona xa eran coñecidas a aparición de ánforas, moedas, enterramentos de régulas así como un ara adicada a Mercurio ¹¹. Recentemente, publicáronse distintos achados de ánforas, régulas e cerámica común procedentes dese Castro ¹². Todo nos indica que estaríamos diante dun lugar importante na época romana, no que no Baixo Imperio habería unha *villa* á que pertencería o mosaico, e que posiblemente contase tamén cun porto marítimo.

En segundo lugar a data da descuberta, que debeu suceder, pola documentación conservada, pouco antes de mediados do século XIX, posiblemente antes do de Batitales.

Moi interesante é a referencia a “castillos y muñecos”, xa que aparte de confirmar a maior extensión do mosaico, ao que xa se aludía na publicación citada, permite supoñer que ese Castelo podería corresponder a algunha das estruturas arquitectónicas que son frecuentes en pavimentos de temática mariña, nas que existen representacións de portos, faros, etc.

¹⁰ Existen variantes noutros manuscritos. Por exemplo nas dimensións do muxo “tres cuartas y cuatro dedos de largo por una de ancho” ou ben referirse ao Castelo como o de “Monte-Real”. O nome Balcagia era a denominación con que se coñecía Baiona

¹¹ RODRÍGUEZ / DÍAZ 1973, pp. 58-59; BAÑOS 1994, p. 138

¹² VILLAR / VILLACIEROS 2010

O mosaico de Panxón pasou a formar parte da Colección Blanco-Cicerón¹³ onde se conservou, tal como narra o documento, nunha mesa e pasou aos seus herdeiros¹⁴. Con posterioridade, foi subastado nunha Galería de Madrid no ano 2000¹⁵ perdéndose o seu paradeiro, ata que recentemente apareceu nunha Galería de antigüidades e obxectos da arte¹⁶.

Consideracións sobre a temática mariña na *Gallaecia*

Nas liñas que seguen, so queremos reflexar algunhas consideracións sobre un dos temas mais frecuentes nos mosaicos romanos do Noroeste peninsular, como é o das representacións da fauna e flora mariña, así como o tratamento das augas, sen extendernos en demasía xa que moitos aspectos están tratados en artigos anteriores.

As representacións dos ambientes mariños son algo moi frecuente en toda a musivaria romana, con maior preponderancia nunhas zonas que noutras, pero sen ter nada que ver o interior ou as zonas litorais xa que se pode atopar en calquer provincia do Imperio.

Coñecemos a fauna mariña polas fontes literarias, xa que diversos autores fan descrición non só das distintas especies, senon tamén da pesca en moitos casos. Os autores fundamentais de época romana, son Plinio (*NH*, IX) no século I, Opiano (*Haliéutika*) do tempo de Marco Aurelio e Eliano (*De natura animalium*) con Septimio Severo. Hai poucas diferencias entre todos eles no que se refire á enumeración dos peixes e crustáceos, referidos fundamentalmente ao ámbito do Mediterráneo e nalgún caso con especial atención ao Mar Negro. So Eliano cita a Bética ao escribir sobre os túnidos, e Marcial (10, 37), no século I, menciona ao Océano galaico citando as ostras e a riqueza das augas.

Non hai moitos estudos que describan minuciosamente as distintas especies mariñas representadas nos mosaicos, e neste sentido, un traballo xa antigo pero moi completo, é o realizado sobre o da Pineda en Tarragona no que aparecen cefalópodos, crustáceos, peixes e mamíferos comparándoos cos existentes en distintas partes do Imperio. A éste, seguiron outros de notable interese, como o que analiza un pavimento de Alcalá de Henares que conta con un amplo mostrario da fauna mariña¹⁷.

Nos últimos tempos, tense prestado mais atención a este tema, ao ambiente sobre o que está representado, e as relacións coa economía da época, o que orixinou a celebración de congresos e a aparición de diversos artigos que analizan tanto as riquezas

¹³ No Arquivo do Museo de Pontevedra (Fondo Casto Sampedro 67-22), existe unha carta de Ricardo Blanco-Cicerón a Casto Sampedro datada o 2 de abril de 1896, na que se da conta da compra dun mosaico de 1 metro cadrado, que ten que ser este. Agradecemos á arquiteira M^a Jesús Fortes a copia facilitada.

¹⁴ Para un mellor coñecemento biográfico de D. Ricardo Blanco-Cicerón e da composición de colección que reuníu entre finais do século XIX e principios do XX, véxase ACUÑA / CASAL 2013.

¹⁵ A subhasta tivo lugar na Galería Castellana de Madrid o 25 de outubro do ano 2000, constituindo o lote nº 664 “mesa con mosaico romano”. A Xunta de Galicia non logrou adquirir o mosaico pola excesiva cotización, según informe do comisionado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

¹⁶ A finais do ano 2012 poidemos localizar o mosaico na casa de Antigüidades Carltonhobbs de London-New York. As referencias poden consultarse no seguinte enderezo (<http://carltonhobbs.com/viewAlternative.asp?StrReference=9127>)

¹⁷ BODADILLA 1969; BALIL, MONDELO 1985; RASCÓN et alii 1995-97

das augas como os motivos ¹⁸.

Na produción musivaria aparecen case todos os espécimes citados nas fontes literarias, pero hai variantes nos diferentes pavimentos ou revestimentos parietais na época que escriben os autores citados, que son anteriores á cronoloxía dos mosaicos galaicos, algo que non ten demasiada importancia xa que a fauna mariña segue a ser a mesma.

Como precedentes na *Gallaecia*, podemos citar o que coñecemos dos tempos anteriores. Diante da falla de textos ou de representacións plásticas, das que en Galicia so contamos cun monumento funerario bifronte, procedente de Vilar de Sarria (Lugo), que nunha das caras representa un golfinho navegando debaixo dunha embarcación ¹⁹, temos que acudir ás mostras recollidas nos poboados castrexos e asentamentos galaico-romanos.

Así vemos, que a robaliza, a maragota, o pargo e o muxo aparecen documentados entre os peixes, e a ostra, a ameixa, o longueirón mailo berberecho, entre os moluscos, o que quere dicir que eran especies coñecidas e formaban parte da dieta alimenticia²⁰.

As distintas especies representadas son as seguintes (Fig. 2):

- a) Salmónidos (*Salmo salar*). Reconocibles polos caracteres básicos no diagnóstico da familia que son aleta dorsal única situada en posición dorsal atrasada e aspecto ganchudo das mandíbulas (carácter dos salmónidos na época da posta): A Cigarrosa, Canelas
- b) Serránidos (*Dicentrarchus labrax*). Robaliza, caracterizada por un corpo esbelto e fusiforme e dúas aletas dorsais: A Cigarrosa.
- c) Murénidos (*Muraena helena*). Forma inconfundible de corpo anguiliforme e boca terminal picuda: A Cigarrosa, Braga.
- d) Sparidae (*Pagellus bogaraveo*). Ollomol, perfil redondeado no rostro, mancha escura detrás do ollo: A Cigarrosa, Braga.
- e) Sparidae (*Pagrus pagrus*). Pargo, identificado polo perfil truncado da cabeza e o corpo alto e robusto.
- f) Mugélicos (*Mugil labrarsus*). Reconocible polas dúas aletas e a boca que está nunha posición total ínfera: Panxón, Braga.
- g) *Petromyzon marinus*, Lamprea: Lugo
- h) *Octopus vulgaris*, Polbo: Canelas, Braga, Villaquejida
- i) *Delphinus delphius*. Golfinho ou arroaz: Lugo, Canelas, A Cigarrosa, Milla del Río
- j) *Echinoidea*. Ourizo: Parada de Outeiro, Braga
- k) *Tapes decussatus*. Ameixa: Panxón, Parada de Outeiro, Braga, Lugo, León ²¹.

De todos estes peixes, o salmón ten una distribución setentrional dende as costas galegas ata Rusia, non existindo no Mediterráneo e sendo moi abundante, ata non

¹⁸ LÓPEZ 2008. Un inventario para Portugal de 21 estacións, nas que do convento bracarense recolle Braga e a Fonte do Milho, en MOURAO 2011

¹⁹ ACUÑA 1976

²⁰ SUÁREZ 2004

²¹ Nalgúns casos pode referirse á *cipreae* ou ben á orella de mar, entre outros espécimes.

hai moito tempo, en todos os ríos da *Gallaecia*. A robaliza vive no Atlántico e no Mediterráneo, sendo moi abundosa nas costas galegas o mesmo que a morena, o pargo e o polbo. O ollomol é un peixe típico do Atlántico e moi numeroso no litoral galaico. En canto aos mariscos son moi frecuentes na franxa litoral atlántica²².

En todo este grupo de mosaicos, aparecen representadas as mesmas especies piscícolas, cun tratamento diferente en función da cronoloxía de cada unha, e da pericia do grupo de artesáns que o efectuaron. Así podemos ver diferentes técnicas de execución, por exemplo nos casos de Parada de Outeiro e A Cigarrosa vendo como no primeiro deles, as formas son mais sinuosas con trazos mais groseiros que van descompoñendo a figura, mentras nos exemplos da Cigarrosa podemos ver mais precisión no trazo, o que indica un maior coidado na representación e unha etapa mais temprana na realización da mesma.

Seguindo unha distribución xeográfica, so temos un exemplar no convento lucense (Batitales, Lugo) pero, en troques, hai que salientar a existencia na villa baixo-romana de Cambre, dun conxunto moi interesante de pinturas parietais, de gran policromía na bóveda, composto por representacións de polbos, moluscos e peixes, aínda pendente dun estudio²³. Son moi abundantes no convento bracarense: Braga, Fonte do Milho, Parada de Outeiro e Panxón e no Astur: A Cigarrosa, León, La Milla del Río e Quintana del Marco.

De todas formas, a inmensa maioría das representacións figuradas da musivaria galaica seguen tendo como temática fundamental a mariña na que, agás unha representación mitolóxica, o resto componse de peixes, cefalópodos, moluscos, gasterópodos, mamíferos. Todas estas figuracións se representan sobre un fondo mariño indicado por unha serie de trazos rectos, curvados, escalonados que mostran tanto o fondo como o movemento das augas.

Consideracións finais

Despois do exposto anteriormente, compre facer unha recapitulación sobre algún dos aspectos tratados, e tentar concluir esta sumaria visión da musivaria galaico-romana, a través dunha serie de apartados que reflectan o panorama 40 anos mais tarde dos primeiros traballos.

Temática:

Hai diferencias entre os tres conventos. Así no Astur, son moi importantes as representacións mitolóxicas (Orfeo e animais, Hilas e as Ninfas, Ariadna dormida, rapto de Europa), escasean no lucense (Dafne e Pasefae, Océanos) e non existen no bracarense. O mesmo sucede coa fauna terrestre pois, si ben no Astur temos animais e cacerías e mesmo cabalos con epígrafes como en Camarzana, a carencia é absoluta nos outros dous, agás no caso de Lugo cos cabalos da *Domus* Oceani. En troques, as representacións mariñas se distribuen polos tres, mais predominando no bracarense e Astur e con escasas mostras, pero importantes, no lucense.

Os motivos xeométricos abranguen todo o territorio e os florais son mais

²² Agradecemos ao biólogo Manuel Rodríguez Solórzano a colaboración na identificación das distintas especies.

²³ Aínda que falta un estudio sobre esta importante decoración, véxase NAVEIRO *et alii*, 2008

numerosos no Astur. En canto aos motivos arquitectónicos son escasos

De todas formas, este panorama pode mudar conforme avance a investigación e se produzan novos achados. Lembremos como na Galiza actual, agás o Océanos de Lugo e a temática mariña, non había nada figurado nos anos 70 e hoxe contamos co mosaico de Dafne e Pasefae, e coas representacións de cabalos na *Domus Oceani*, xa mencionada. Por outra banda, cando se descubriu o mosaico de Batitales, os autores describían en 1843 “un esbelto y elegante ciervo” e “la parte anterior de un tigre”²⁴ do que non temos mais constancia, pero que son referencias creíbles. O mesmo sucede co mosaico de Panxón, do que agora sabemos, gracias aos documentos recuperados do século XIX, que tiña elementos arquitectónicos e figurados humanos.

Obradoiros:

Non variou moito a situación nos últimos anos. No convento Astur, seguen sendo válidas as apreciacións de Regueras e outros, sobre a existencia en Astorga e por extensión na provincia leonesa, de ámbitos de influencia das oficiñas de Clunia-Uxama, Almenara-Prado, aparte de *Bracara* sobre a que volveremos despois. Nos conventos bracarense e lucense parece clara a existencia dunha intensa relación entre os mosaicos de temática mariña desas zonas coas de parte do Astur, singularmente A Cigarrosa desbotando casos como o da Vega del Ciego ou Villavidel, xa que aquí non existe o ambiente mariño. Quedan casos como o do mosaico de Dédalo e Pasefae de Lugo, moi singular dentro da musivaria hispana.

Dende os pioneiros traballos nosos e de Balil, nos que se sinalaba a existencia dun obradoiro itinerante encargado da produción destes mosaicos, e se establecían paralelos con mostras procedentes do Algarve (Milreu) e outros lugares, moitos autores seguiron incidindo no tema, aportando en moitos casos, precisións de gran interese, pero sen cuestionar no fondo a proposta.

Nalguns casos se planteaba a prioridade cronolóxica dos galegos con respecto aos do Sul, noutros a posible influencia das oficinas da *Africa Proconsularis* e mesmo recentemente tense planteado a distinta funcionalidade como a de ninfeo a mausoleo no caso de Milreu, pero que en todo caso non afecta á cuestión que andamos a tratar. Entre outros, autores como Hauschild, Teichner, Kramer (cunha análise moi profunda) e, mais recentemente, Graen, que recollen gran parte da bibliografía anterior, poden servir para un estado da cuestión²⁵.

Por último, dentro das investigacións no marco da elaboración do *Corpus des Mosaiques Romaines de Portugal*, son interesantes as disquisicións sobre o estilo e a cronoloxía de diversas estacións do Algarve oriental, das que algunha pode interesar para nosa área xeográfica²⁶.

Funcionalidade e distribución:

Como parece lóxico, as capitais conventuais (*Asturica*, *Lucus* e *Bracara*) posuen unha importante representación musivaria que decoraba as *domus* e diversas construcións como as termas; tamén hai que salientar, os achados noutros núcleos

²⁴ ACUÑA 1973, p. 22

²⁵ KREMER 1999, GRAEN 2005

²⁶ OLIVEIRA / VIEGAS 2011

urbanos como León ou recentemente Porto. Polo momento, fican fora centros tan importantes como *Aquae Flaviae* dos que coñecemos moi pouco, pero dos que debemos esperar novidades²⁷.

En troques, o ámbito rural representado por las *villae* proporciona algún dos exemplos mais importantes e característicos da musivaria galaica. Facendo un reconto, non exhaustivo, dos lugares no que se atoparon testemuñas de mosaicos e coidando que todas elas corresponderían a *villae*, teríamos o seguinte reparto:

Convento Astur (29): Cacabelos, Calzada del Coto, Campo de Villavidel (3), Camarzana de Tera, A Cigarrosa (5), Cimanos de la Vega, Cornago, Cuadros, Fresno de la Vega, Galleguillos de Campos, Genestacio, Lugo de Llanera, La Milla del Río (4), Mansilla de las Mulas, Navatejera (4), Puente Almuhey, Quintana del Marco (9), Requejo, Riego de la Vega, Sahagún, San Martín de Andallón, San Martín de la Falanosa, San Martín de Torres, San Millán de los Caballeros, Santa Colomba de Somoza, Valderas, Vega del Ciego, Veranes (3), Villaquejido.

Convento Lucense (20): Agrade, Bares, Bóveda, Bandomil, Castellós, Catoira, Centroña, Cirro, Doncide, Dozón, Iria Flavia, Ons, Padrón, Pontevedra, Portosín, Proendos, Rodeiro, Santiago, Sobrán, Vilagarcía.

Convento bracarense (21): Borreiros, Caldas de Canaveses, Covelinhas, Fonte do Milho, O Freixo, Frende, Granzinha, Guilhabreu, Lavra, Oia, Oleiros, Ouvigo, Panxón, Parada de Outeiro, Povia de Varzim, Sendim, Toralla, Tralhariz, Valverde, Vila Real, Vizella.

Hai que facer a advertencia de que este número (70) corresponde so a xacementos, xa que os mosaicos son moitos máis, posto que nalgúns casos, contamos con varios na mesma estación tal como figura no inventario entre paréntese, agás os da vila de Camarzana que son numerosísimos, o que se debe en gran medida ao feito de terse efectuado escavacións. Por outra banda, a disparidade entre conventos pode deberse a moitas causas nas que non imos entrar agora.

Por outro lado, non todos os mosaicos cumprían a mesma funcionalidade. A gran maioría son pavimentais recobrinto diferentes salas e so uns poucos, correspondían a piscinas poidendo ser polo tanto pavimentais ou parietais (Fonte do Milho, A Cigarrosa, Braga, Vizella). Outros son tumbais.

Cronoloxía:

Con moita diferenza, a inmensa maioría dos mosaicos da Gallaecia corresponden ao Baixo Imperio, singularmente aos séculos III e IV no momento de proliferación das grandes *villae* e de certo esplendor dos núcleos urbanos. Son moi poucas as mostras altoimperiais e neste sentido *Asturica Augusta* vai ser o centro de referencia xa que nos séculos I e II proporciona pavimentos de *opus signinum* e *opus sectile*, entre outros, de clara influencia itálica. Non ocorre o mesmo en Lugo e Braga, pero cecais todo se debe ao diferente avance da investigación pois, ao ser cidades augusteas, tiveron que ter estas representacións tan tempranas, que algún día aparecerán. Por outra parte, sobre todo

²⁷ Da actual Chaves, segue sendo válida a referencia que fixemos no seu día, da existencia de fragmentos de mosaico procedentes do lugar de Grajinha ou Grajinha, depositados no Museu da Regiao Flaviense, que deben corresponder a unha *villa* próxima á cidade (ACUÑA 1974, p. 34). Colmenero cita un pavimento de *opus signinum* do século III ou IV na Praça de Camoens (RODRÍGUEZ 1997, p. 103).

no convento bracarense, existen *villae* altoimperiais, polo que non sería estrano que aparecerán mosaicos desa cronoloxía.

Noutro extremo cronolóxico, contamos con mosaicos cristianos, escasos polo de agora, pero moi representativos. Así podemos citar o pavimental da Catedral de Santiago, o que reveste unha piscina na Praza de Santa María en Lugo, o recentemente descuberto por Lima na igrexa de Santa María do Freixo, no lugar ben coñecido de *Tongobriga*, ou ben, o recente tumbal bícromo de San Martinho de Dume, sen esquecer os destruídos de Covelinhas e o novamente analizado de Frende, entre outros.

Situación actual:

Quero dedicar unhas últimas reflexións a tratar, na altura que escribo estas páxinas, a situación na que se atopan estas importantes testemuñas da nosa historia, porque son un reflexo da maior ou menor atención que as distintas administracións prestaron e prestan ao noso patrimonio.

No ámbito urbano, Astorga conserva musealizada a partir de 1991 a *Domus del mosaico* co pavimento altoimperial de Orfeo.

En Lugo, a intensificación da arqueoloxía urbana, levou moitas veces por imperativo legal a conservar parte do patrimonio exhumado. Así podemos ver como se deixaron “in situ” os mosaicos descubertos nas obras da rua Dr. Castro e que formaban parte do conxunto localizado na rua de Batitales en 1842 e conservada unha mínima parte fragmentada no Museo Provincial. Ao conxunto, chamado *Domus Oceani* que ben sendo unha mostra da gran riqueza baixoimperial da cidade, pódese acceder a partir de 2005.

Recentemente, se actuou na Praza de Santa María deixando rehabilitada o conxunto coa piscina paleocristiana descuberta no ano 1960, ao pavimentar os arredores da catedral, e que a partir do 2011 está visible tras unha “ventana arqueolóxica”.

En Braga, quedou integrado dentro do Museu D. Diogo de Sousa no ano 2004, o mosaico bícromo descuberto ao facer as obras para o novo Museu Regional de Arqueología.

Na cidade do Porto, as intervencións urbanas revelaron un pasado inédito ou pouco coñecido do núcleo primitivo. Hai que salientar o conxunto conservado nas condicións actuáis a partir do 2003 na Casa do Infante, composto por dous mosaicos xeométricos datados no século IV.

No ámbito rural, a situación é moi dispar xa que xunto a destrucións e deixadez institucional, hai outros casos nos que se conseguiu rehabilitar e poñer en valor, según a terminoloxía actual, diversas *villae* que son un bo exemplo da rendibilidade e do uso social que se lle pode dar ao noso patrimonio.

Os lugares mais salientables son os seguintes:

En Asturias, a vila romana de Veranes, un importante conxunto coñecido xa de antigo, pero que tralas últimas escavacións de Fernández Ochoa e Sendino, pódese visitar como museo de sitio dende o ano 2007.

En León, a importante vila de Navatejera que actualmente está cerrada por obras de acondicionamento.

En Zamora, a riquísima vila de Camarzana de Tera, declarada BIC, parece que poderá visitarse este verán (2013) coincidindo cos traballos de restauración da magnífica colección de mosaicos que atesoura e das súas estruturas.

En Pontevedra, a vila de Toralla despois dun proceso de musealización, abriu ao público no 2009.

En A Coruña, o complexo de Cambre, ao que xa aludimos pola súa importancia pictórica coa decoración mariña, é visitable dende o 2008.

En Portugal, a vila de Sendim, Felgueiras, conta cun Centro de Interpretación no que están os materiais procedentes da recente escavación de Mendes Pinto²⁸.

E xa para rematar, teño que indicar que quedan aspectos sen tratar, profundar nos temas tanto nas escolas musivarias como na relación dos asentamentos coas vías de comunicación, sen esquecer o panorama pouco agradable da conservación e da investigación. Son cuestións que merecen un traballo mais demorado e específico que nas páxinas que dispoño para esta colaboración, que con moito gusto presento nesta merecida homenaxe ao Prof. Doutor Armando Coelho Ferreira da Silva, ao que fun xentilmente convidado, e non podo abordar coa profundidade que a problemática dos mosaicos da *Gallaecia* requiriría, e que senon eu, outros estudosos agardo que o fagan.

Bibliografía

ABRAÇOS, María de Fátima (2011), Os Mosaicos Romanos de *Bracara Augusta* da Colección do Museu Regional de Arqueologia D. Diogo de Sousa-Braga, en *O Mosaico* cit., pp. 827-835

ACUÑA, Fernando (1972), Los mosaicos de la Cigarrosa (Orense), *BSAA* XXXVIII, pp. 468-476

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (1973), *Mosaicos romanos de Hispania Citerior. II. Conventus lucensis*, St. Arch. 24, Santiago, Valladolid

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (1974), *Mosaicos romanos de Hispania Citerior. III. Conventus bracarenensis*, St. Arch. 31, Santiago, Valladolid

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (1976), Sobor da representación do tema "Ulises e as sireas" na estela de Vilar de Sarria (Lugo), *BAvr.* VI, pp. 107-113

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando; ALLES LEÓN, María José (2001-2002), Nuevas aportaciones a los mosaicos romanos de Galicia, *Soliferreum, Studia archaeologica et histórica Emeterio Cuadrado Díaz ab amicis, collegis et discipulis dicata, An.Murcia* 17-18, pp. 365-374

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando; CASAL GARCÍA, Raquel (2013), La Exposición Regional Gallega de 1909: Ricardo Blanco-Cicerón y la arqueología galaica, *VII Reunión de Escultura romana en Hispania*, Santiago de Compostela, pp.

ALLES LEÓN, María José (2002-2003), Mosaicos del convento lucense: revisión y nuevas aportaciones, *Lancia* 5, pp. 153-166

ARAUJO, Teodoro Gauzzi Rodrigues de (2010), O Mosaico Sepulcral Paleocristao do Lugar do Castelo (Fregresía de Frende, Concello de Baião), *Douro 01*, Porto, pp. 325-345

BALIL, Alberto (1974), Sobre los mosaicos romanos de Galicia: Identificación de un taller musivario, *La mosaïque greco-romaine* II, Vienne 1971, París 1974, pp. 259-263

²⁸ Desta vila do século IV, que conta con pavimentos de *opus signinum* e mosaicos policromos, coñecemos a ficha do IGESPAR.

- BALIL, Alberto; MONDELO, Rita (1985), Mosaico con representacións de peces hallado en las proximidades de Tarragona, *BSAA LI*, pp. 251-256
- BAÑOS RODRÍGUEZ, Gemma (1994), *Corpus de inscricións romanas de Galicia II. Provincia de Pontevedra*, Santiago, Consello da Cultura Galega
- BLÁZQUEZ, J.M.; LÓPEZ MONTEAGUDO, G.; NEIRA JIMÉNEZ, M.L.; SAN NICOLÁS PEDRAZ, M.P. (1989), *Mosaicos romanos del Museo Arqueológico Nacional*, Madrid
- BLÁZQUEZ, J. M.; LÓPEZ MONTEAGUDO, G.; MAÑANES, T.; FERNÁNDEZ OCHOA, C. (1993), *Mosaicos romanos de León y Asturias*, Madrid
- BOBADILLA, María (1969), El mosaico de peces de La Pineda (Tarragona), *Pyrenae* 5, pp. 141-153
- CORREIA, Licinia Nunes (2005), *Decoração Vegetalista nos Mosaicos portugueses*, Lisboa
- FERNÁNDEZ OCHOA, Carmen, GIL SENDINO, Fernando (2008), La villa romana de Veranes (Gijón, Asturias) y otras villas de la vertiente septentrional de la cordillera cantábrica, *Las villas tardorromanas en el occidente del imperio. Arquitectura y función*, IV Coloquio Internacional de Arqueología, Gijón, pp. 435-479¹
- GARCÍA MARTÍNEZ, Manuel Carlos; ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (2008), Xosé Ma Álvarez Blázquez e a arqueoloxía da resistencia, *BRAG* nº 369, pp. 133-144
- GOMES, Paulo Dordio (2011), Os Mosaicos da Casa do Infante e o contexto urbano na zona ribeirinha do Porto, *O Mosaico cit.*, pp. 837-847
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Enrique (2005), *Domus Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica en Lucus Augusti*, Lugo, Concello
- GRAEN, Dennis (2005), Os mosaicos do “santuario” de Milreu, Estói (Algarve), no contexto de uma nova interpretación, *O Arch.Port. Série IV*, volume 23, pp. 367-415
- KREMER S. D., Maria Jesus (1999), Contribuição para o estudo de alguns mosaicos romanos da Gallaecia e da Lusitania, *Actas do V Congreso Internacional de estudios galegos*, Trier, vol. I, pp. 509-519
- LÓPEZ MONTEAGUDO, Guadalupe (2008), Las riquezas de las aguas en los mosaicos. Aspectos de la economía hispano-romana, *L’Africa romana XVII*, Sevilla 2006, Roma, pp. 2547-2568
- MOREIRA, Álvaro de Brito; SILVA, Armando Coelho Ferreira da (2011), A Romanização do vale do Leça en *O Rio da Memória. Arqueologia no territorio do Leça*, Matosinhos, pp. 175-176
- O Mosaico (2011) = O Mosaico Romano nos Centros e nas Periferias: Originalidades, Influências e Identidades, Actas do X Colóquio Internacional para o Estudo do Mosaico Antigo (AIEMA)*, Museu Monográfico de Conímbriga (Portugal), 29 de outubro a 3 de novembro de 2005
- MOURAO, Cátia (2011), Mosaicos romanos com motivos aquáticos em Portugal, *O Mosaico cit.*, pp. 343-351
- NAVEIRO LÓPEZ, Juan L.; BENAVIDES GARCÍA, Rosa; INFANTE ROURA, Faustino; BOGA MOSCOSO, Ramón (2008), *O xacemento romano de Cambre. A escavación arqueolóxica, o traslado e a posta en valor*, Cambre, Concello
- OLIVEIRA, Cristina (2006), Mosaicos romanos: Balanço de uma década de investigação em Portugal (1995-2005)”, *Conímbriga XLV*, pp. 275-299
- OLIVEIRA, Cristina; VIEGAS, Catarina (2011), *Corpus des Mosaïques romaines*

du Portugal: discussion des questions stylistiques et chronologiques des mosaïques de l'Algarve Oriental, O Mosaico cit., pp. 719-742

RASCÓN MARQUÉS, S.; POLO LÓPEZ, J.; GÓMEZ PALLARÉS, J.; MÉNDEZ MADARIAGA, A. (1995-97), "Hipolytus". Estudio de un nuevo mosaico del género de pesca y con inscripciones procedente de *Complutum*, Alcalá de Henares, Madrid, *Lucentum* XIV-XVI, pp. 39-62

REGUERAS, Fernando (1991), Algunas consideraciones sobre los mosaicos de la provincia de Zamora, *BSAA* 57, pp. 163-177

REGUERAS GRANDE, Fernando; YAGÜE HOYAL, Pablo; MARCOS FIERRO, Rosa (1994), *El Mosaico de "Hilas y las ninfas"* Museo de León

REGUERAS GRANDE, Fernando (2002), Mosaico en *Astorga II: escultura, glíptica y mosaico*, en AMARÉ TAFALLA, M^a Teresa, dir., León, Universidad, pp. 37-111

REGUERAS GRANDE, Fernando (2010), Mosaicos de la Villa Astur-Romana de Camarzana de Tera (Zamora), *Espacio, Tiempo y Forma, serie II, Historia Antigua*, 23, pp. 477-525

RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio (1997), *Aqvae Flaviae. II O tecido urbanístico da cidade romana*, Chaves, Cámara Municipal

RODRÍGUEZ SEOANE, M. Carmen; DÍAZ ÁLVAREZ, Pedro (1973), *Noticias de Prehistoria en torno a Vigo y su ría*, Vigo

SAN NICOLÁS PEDRAZ, María Pilar (2001), Mosaico con escena mitológica hallado en Lugo (España), *La mosaïque greco-romaine VIII, Actes du VIII Colloque International pour l'étude de la mosaïque Antique et Medievale (Lausanne 6-11 octobre 1977)*, Lausanne, pp. 147-160

SUÁREZ PIÑEIRO, Ana M^a (2004), Sentados á mesa dun galaico-romano: dieta, alimentación e hábitos culinarios na Galicia romana, *Gallaecia* 23, pp. 155-172

TORRES CARRO, Mercedes (2005), Nuevos mosaicos romanos del Noroeste de la Península Ibérica, *La mosaïque Greco-romaine IX*, École Française de Rome, pp. 477-488


VILLAR QUINTEIRO, Rosa; VILLACIEROS ROBINAU, Nicolás (2010), Castro de Panxón (Nigrán, Pontevedra). Nuevos datos y evaluación de su estado actual, *Gallaecia* 29, pp. 137-144



Fig. 1 - Mosaico de Panxón.
(<http://carltonhobbs.com/viewAlternative.asp?StrReference=9127>)



A



B

Fig. 2 - Mosaicos de A Cigarrosa
A) Nº 1, 3, 6, 8 (Salmónidos); 2, 4, 5 (Pargus); 7, 11 (Serránidos); 10 (Pagellus); 11 (Murénidos)
B) Nº 1, 3 (Salmónidos); 2 (Pargus)

